



CONVOCATORIAS DE PRENSA PARA O XOVES, 11 DE XUÑO

09:00 HORAS.– O Presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asistirá ao evento *NEF online*co expresidente do Goberno de España, Felipe González, organizado por Nueva Economía Fórum.

Despacho do Presidente –Deputación de Lugo–

09:30 HORAS.– A Deputada de Réxime Interior, Turismo e Promoción do Territorio, Pilar García Porto, participará vía telemática na II Comisión Plenaria da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes, da que é membro a Deputación de Lugo, e que contará coa presenza da Ministra de Industria, Comercio e Turismo, Reyes Maroto.

Despacho da Deputada –Deputación de Lugo–

11:00 HORAS.–A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, abrirá a terceira sesión dos encontros *Abrindo as Portas: O Rexurdir do Turismo*, que organiza a Deputación no marco da campaña *EN LUGO, SI* dirixida a reactivar os sectores produtivos. Participarán a Alcaldesa de Lugo, Lara Méndez López, o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), Alberto Varela Paz, o presidente da Mancomunidade de Municipios da Mariña, Francisco Cajoto Caserío, o presidente do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, Luis Fernández Guitián, a conselleira delegada da S.A. do Plan Xacobeo e Comisaria do Xacobeo 2021, Cecilia Pereira Marimón, o presidente da Federación de Asociacións de Veciños de Lugo, Jesús Vázquez Varela, e o Presidente da Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago, Manuel López Vázquez.

Retransmitirase por Youtube en directo na seguinte ligazón:
<https://youtu.be/cuFjDdhAEgQ>

12.00 HORAS.– O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, asistirá vía telemática á asemblea xeral ordinaria da Asociación Española de la Carretera.

Despacho do Deputado –Deputación de Lugo–

Lugo, 10 de xuño de 2020